

O FRANQUISMO.

1. AS BASES DO RÉXIME FRANQUISTA

1.1 AS BASES IDEOLÓXICAS

O sistema político existente en España desde 1939 a 1975 denominase Réxime franquista e foi unha ditadura na que Franco asumiu todos os poderes. A súa longa permanencia no tempo fixo que pasara por varias fases, desde unha identificación total cos rexímenes fascistas europeos como o Nazi ou o italiano ata un distanciamento destes debido a súa derrota na Segunda guerra mundial e a necesidade de ser aceptado polo bloque occidental como vía da súa propia supervivencia.

O Réxime Franquista baseaba a súa lexitimación na *Victoria* e xustificaba as súas decisións na necesidade de *salvar a España do mal* (liberalismo, socialismo, comunismo) e mantela en paz.

Este réxime político afirmábase en **certos principios ou bases ideolóxicas negativas. Rexeitaba:**

- A división de poderes (antiliberal).
- A liberdade de prezos, contratos, intercambios (anticapitalista).
- O exercicio do sufraxio universal (antidemocrático).
- A existencia dun Parlamento con capacidade lexislativa (antiparlamentarista)
- A necesidade dunha constitución (anticonstitucionalista).
- A existencia de diferentes partidos e sindicatos (antimultipartidista: partido único e sindicato único).
- A doutrina marxista (antisocialista e anticomunista).
- As sociedades secretas como a Masonería (antirracionalista/antiilustración).
- Os dous modelos de xefatura do Estado (antimonárquico/antirrepublicano).
- Os xudeus (antisemita).
- A existencia de estados federados ou de autonomía (antifederalista e antiautonomista).

Certas bases en sentido afirmativo ou positivo. Defendía:

- A existencia dun guía supremo ou xefe absoluto (caudillismo).
- Un partido único, a Falanxe, e un sindicato único controlado pola Falanxe (nacionalsindicalismo).
- Un estado fundamentado nos principios do integrismo cristiano-católico (nacionalcatolicismo).
- O papel do exército como salvador do caos e conservador da paz (militarismo).
- Un nacionalismo español superior a calquera nacionalismo das rexións (hipercentralismo).

Franco crea un réxime político tratando de imitar ó fascismo: un líder, un partido, un sindicato e intervención do Estado na economía. Posteriormente maquillouno con leis pseudodemocráticas (democracia orgánica: eleccións indirectas dos representantes da familia, do sindicato e do municipio para as Cortes).

Conservará sempre o carácter militarista, integrista católico e nacionalista español (*Una España grande y libre*): inicialmente fronte a ONU, países europeos e EEUU e sempre fronte ós nacionalistas vascos e cataláns.

1.2. AS BASES SOCIAIS

O réxime político franquista logrou unha longa permanencia no tempo grazas ó profundo apoio, directo ou indirecto, da inmensa maioría da poboación, posto que ata os

anos setenta as protestas dos partidos obreiros, dos estudantes ou dos nacionalistas periféricos foron moi escasas e débiles.

O réxime franquista, para asegurar a submisión da poboación, recorreu á militarización da vida social, a propaganda e á represión.

Os tres grupos ou familias sociais claves no apoio a Franco foron:

- **A Falanxe**, a case totalidade dos falanxistas aceptaron a imposición de Franco como xefe do partido e trataron de aproveitar a posguerra para converterse nos controladores da vida política e sociolaboral. Coa apertura dos anos 50 perderon protagonismo político.
- **A Igrexa**, os bispos e clérigos católicos encargáronse de lexitimar e gabar a Franco a cambio de privilexios económicos, influencia política e do control sobre a cultura e a educación dos españois (nacionalcatolicismo). Durante a fase de desenvolvemento (anos 60), mentres os membros do Opus Dei pasaron a ter un grande protagonismo político ocupando moitos cargos de ministros, unha pequena parte do clero deixou de gabar a Franco para reclamar máis liberdade para os españois.
- **O Exército**, Franco mantivo sempre un control estable sobre os distintos mandos do exército a valse do seu título de Xeneralísimo dos exércitos para reforzar o seu poder político. Superados os problemas iniciais de 1945-47, cos xefes militares partidarios de restaurar a monarquía borbónica, sempre gozou dunha fidelidade total.

Ademais destacaron no apoio ó franquismo :

- Os grandes terratenentes de Extremadura, Andalucía.
- Os empresarios industriais de Cataluña e o País Vasco.
- Os empresarios financeiros.
- A pequena burguesía das capitais de provincia.
- O campesiñado do centro e norte de España.

Durante os anos 60 resultou clave o apoio dos emigrantes rurais que, instalados nas urbes como obreiros, aplaudiron ou toleraron un réxime político represivo e antidemocrático coa escusa de que lles ofrecía paz e máis benestar económico.

Podemos afirmar polo tanto que o franquismo estivo sostido por catro piares (Igrexa, Exército, Falanxe, e un cuarto pilar formado polos grupos socioeconómicos que percibían a ditadura como útil aos seus intereses sociais e económicos). De feito unhas das claves para comprender a evolución da ditadura e entender como a evolución da economía condicionará a evolución dos piares sociais que o apoiaban. Nos anos sesenta e setenta moitos dos sectores que sostiveron o réxime debido a nova coxuntura económica o percibirán coma un lastre, sendo unha das causas principais a hora de explicar a súa caída.

1.3. AS LEIS FUNDAMENTAIS

Franco opúxose a crear unha Constitución e optou por crear leis básicas ou fundamentais¹, cando a presión ou o rexeitamento internacional o aconsellaban, para dar unha imaxe diferencial do fascismo ou nazismo.

Entre os textos legais claves destacan:

¹ A parte destas leis que son as fundamentais compre ter sempre en conta o **Decreto de Unificación** (1937) na que se funda o partido único (FET y de las JONS) e a **Lei de responsabilidades políticas** (1939) mediante a cal se artella toda a represión franquista durante a longa posguerra. Estas dúas leis non son fundamentais a pesar de que son básicas no estudo do edificio xurídico do Réxime.

- **O Foro do Traballo** (1938). Franco decretou este texto, despois de copialo do fascismo italiano (*Carta del lavoro*, 1927), co obxectivo de regular as relacións laborais entre empresarios e sindicatos e o papel do novo sindicato vertical único obrigatorio baixo o control total dos dirixentes da Falanxe.
- **A Lei Constitutiva das Cortes** (1942). A partir de este ano a derrota de Eixo na Segunda guerra mundial era unha posibilidade moi real (batallas de Stalingrado, El-Alamein e Midway) e a necesidade de distanciamento dos seus antigos aliados e imperativa para a supervivencia do réxime. O ditador decreta este texto para disfrazar o carácter totalitario do seu sistema político, pero co claro obxectivo de crear un simple disface. Será unha cámara de procuradores, que carecían de toda iniciativa lexislativa: aprobaban as leis que lles postulaba o xefe do estado.
- **O Foro dos Españóis** (1945). Ante o rexeitamento internacional o xeneralísimo decreta este texto para acelerar a maquillaxe do sistema, co obxectivo de darlle unha aparencia liberal. É unha pseudodeclaración de dereitos e deberes que pretendía simular unha Constitución.
- **A Lei do Referendo** (1945). O xefe do estado pasa a recoñecer que ten dereito a consultar ós españois a súa opinión sobre calquera Lei que considere oportuno... pretendía mostrar ós outros estados que en España existía sufraxio.
- **A Lei de sucesión na Xefatura do Estado** (1947). Franco, ante o rexeitamento internacional, a presión dos Borbóns e o malestar dos militares promonárquicos, decreta este texto para definir a España como un reino e protexer os seus dereitos como xefe de Estado vitalicio: como tal xefe de estado tería dereito a escoller e nomear un sucesor a título de príncipe. Para darlle maior forza á Lei sucesoria convoca un referendo (triúnfa o *si* cun 93%: un grande fraude electoral).
- **A Lei de Principios do Movemento Nacional** (1958). O ditador decretou esta Lei, recollendo os principios falanxistas e fortalecendo a Falanxe Española como partido único, que incrementa o control sobre os funcionarios do Estado, xusto cando está a tomar a decisión de prescindir dos falanxistas para os cargos importantes do goberno, que outorgará ós tecnócratas do Opus Dei.
- **A Lei Orgánica do Estado** (1967). Ante a presión da modernización e progreso económico os tecnócratas do Opus Dei logran que Franco acepte decretar e someter a referendo este texto legal, co obxectivo de facer unha refundación lexislativa do réxime político, unha especie de reforma para fortalecer a continuidade do sistema político. De novo resulta unha nova capa de maquillaxe para tratar de esconder certas características totalitarias groseiras como a acumulación total de poderes: Franco pasa a ter a posibilidade de deixar de exercer como xefe de goberno (decidírase a elixir a Carrero Blanco en 1973).

Na realidade todas estas leis ignoran sempre os principios liberais de división de poderes (Franco era xefe do estado, xefe do exército, xefe do goberno, etc), de igualdade ante a Lei (existían tribunais especiais segundo o tipo de persoa, tipo de delito, etc), de liberdades políticas (censurábase o dereito de expresión, recortábase o dereito de reunión, prohibíase o dereito de asociación, etc).

2. AS ETAPAS DO RÉXIME FRANQUISTA

2.1. A ETAPA DE POSGUERRA OU AUTÁRQUICA (ANOS 40)

O fin da Guerra civil (1936-39) non implicou o remate das tensións e a paz, senón que abriu camiño a un longo período no que os sublevados administraron a súa *Victoria* sobre os vencidos. O seu instrumento foi a **Lei de responsabilidades políticas** de 1939,

durante esta época foron executadas ao redor de 45.000 persoas e moitas delas seguen en paradiro descoñecido.

2.1.1. CARACTERÍSTICAS DA POSGUERRA

A represión política. Exilio, cárcere, execucións, marxinación social, prohibición dos diversos partidos e sindicatos, negación das liberdades básicas de reunión, manifestación, expresión e difusión.

O control ideolóxico. Os gobernantes franquistas optaron por eliminar das universidades, institutos e escolas a todos os ensinantes molestos ou non entusiastas co novo sistema político: cerca do 90% dos intelectuais, artistas e científicos pasaron polo cárcere ou abandonaron o país (sobre todo os mestres).

O control social. Moitísimos españois ó terminar a guerra perderon o seu posto de traballo, posto que os gobernantes decidiron substituílos por outras persoas ligadas á Falanxe, aínda que tivesen menos preparación técnica ou intelectual. Os falanxistas crearon un sistema policial de denuncias obrigatorias, apoiadas pola **Lei de Responsabilidades Políticas** (1939), de toda persoa que tivera colaborado co sistema republicano: moitos por temor a esta represión mostraban un grande entusiasmo cara os *victoriosos*.

As dificultades nas relacións exteriores. As relacións de amizade e colaboración de Franco con Hitler e Mussolini, durante a Guerra Civil e primeiros anos da II Guerra Mundial, fixeron moi complicadas as relacións do novo Estado Franquista cos estados que triunfaron na II Guerra Mundial: resolución condenatoria da ONU, o peche da fronteira con Francia e a retirada de embaixadores de case a totalidade de países (bloqueo diplomático e económico agás de produtos básicos e de alimentos arxentinos). Resultaron feitos claves a reunión de Franco con Hitler en Hendaya (1940) e a axuda económica arxentina.

A autarquía económica. As dificultades económicas da posguerra estiveron motivadas por: as perdas demográficas (mortos e exiliados), as destrucións de infraestruturas viarias (estradas, ferrocarril) a caída de produción agrícola e gandeira e o peche dos mercados exteriores. Menor influencia tivo o sector industrial, pois tanto a industria téxtil catalán, como a industria siderúrxica vasca e os estaleiros mantiveron a súa capacidade produtiva.

2.1.2 CARACTERÍSTICAS DA ECONOMÍA DE POSGUERRA

Un nivel de produción moi baixo (tardarase case vinte anos en alcanzar de novo o nivel de produción de 1936).

Unha ruína total da Facenda Pública (os gobernantes da República gastaron o ouro do Banco de España en comprar armas a URSS e os sublevados endebedaron o futuro estado franquista comprando armas a Italia e Alemaña).

Unha moeda de escaso valor (a escasa produción e o déficit da Facenda fixeran que a peseta perdera o 50% do valor).

Unha inflación xigantesca (ante a escaseza de produción disparáronse os prezos).

Unha fame xeneralizada (moitos abandonaron as cidades para emigrar ós espazos rurais, este fenómeno coñecese co nome de reruralización).

Un ciclo de enfermidades epidémicas (a pobre alimentación e a escaseza de medicamentos favorecían a expansión e a mortalidade das enfermidades).

Un abastecemento controlado de produtos básicos a prezos taxados (as cartillas de racionamento fomentaron os negocios especulativos do mercado negro ou estraperlo. A pesar das prohibicións a maioría das compravendas facíanse no mercado negro. Moitos arriquecéranse especulando coa miseria dos demais e moitas autoridades aceptaron os subornos dos especuladores do estraperlo.

O réxime franquista, ante as dificultades económicas e o bloqueo comercial internacional, apostou por proclamar a autosuficiencia, defendendo que España era capaz de autoabastecerse sen necesidade de mercado exterior: nacionalismo económico ou autosuficiencia autárquica. Na realidade a autarquía non foi radical, posto que o goberno español sempre continuou importando produtos claves como o petróleo.

Para promover a industrialización e favorecer a política autárquica o estado creou o Instituto Nacional de Industria (INI); nacionalizou as comunicacións telefónicas, o transporte aéreo (Iberia) e moitas minas; impulsou as obras públicas, etc.

A política de intervención do Estado na economía non permitiu grandes resultados, pero ó fixar salarios moi baixos fixo posible que os empresarios lograsen altos beneficios.

As inversións do goberno franquista na industria (clave para fortalecer de armamento ó exército), prexudicou as reformas na agricultura e gandería... os campesiños, que tanto axudaron ós sublevados a gañar a guerra, víronse desamparados na posguerra ante as malas colleitas provocadas polas continuas fases de secas.

2.1.3. A OPOSICIÓN POLÍTICA NA POSGUERRA

A oposición ao Réxime podemos dividila en oposición interna, que procedía da heteroxeneidade ideolóxica do bando sublevado, e oposición externa, que procedía do bando derrotado. A caída do ditadura e a súa transformación está relacionada coa evolución da oposición tanto desde fóra do sistema coma desde dentro. E a evolución da oposición está completamente condicionada pola evolución da economía e do contexto internacional.

Durante a posguerra certos sectores mostráronse descontentos con Franco e o seu sistema político e económico.

Os falanxistas radicais, que reclamaban unha política máis anticapitalista e antimonárquica a partir dos cambios que fixo o Franco para adaptarse ao novo contexto de derrota do fascismo e o illamento internacional. Estes consideraban signos de debilidade do Réxime o distanciamento dos posicionamentos ideolóxicos iniciais, pero foron silenciados con represión ou obrigados a abandonar a Falanxe.

Os monárquicos, que apoiaban os dereitos ó trono de Don Juan de Borbón e o seu Manifesto de Lausanne de 1945 (ofrecía ós españois a restauración da monarquía dos Borbóns como forma de reconciliación e de paz), pero foron adormecidos coa Lei de sucesión á Xefatura do Estado de 1947 (España pasaba a ser un Reino e Franco permanecía como ditador vitalicio con dereito a elixir ó príncipe sucesor) Tamén Don Juan, en 1948, acepta a situación e manda ó seu fillo Juan Carlos para que sexa educado en España (Franco non confirma a elección de Juan Carlos como príncipe ata 1969).

Os socialistas, que dubidaban entre apoiar a oposición monárquica ou continuar apoiando ó goberno republicano no exilio, non inquietaron a Franco.

Os comunistas, que organizaron o maquis ou guerrilla antifranquista como fórmula de defender a restauración da República, coa esperanza en que o fin da II Guerra Mundial implicase á vez o fin do fascismo-nazismo-franquismo tal e como trataran os aliados na Carta do Atlántico (1941). Pero o rexeitamento internacional non debilitou o suficiente a Franco, que aproveitando a Guerra Fría dos anos 50 logrou o recoñecemento progresivo do Vaticano, Estados Unidos e logo da maioría da comunidade internacional. Os comunistas abandonaron a fórmula de guerrilla e optaron pola presión desde o exilio e desde o interior. A actividade guerrilleira comeza a debilitarse tralo fin da Segunda guerra mundial polo tanto (podemos sinalar como punto de inflexión a batalla do Val de Arán en 1944) e na década posterior co aperturismo esmorece de maneira definitiva

Polo tanto o réxime franquista logrou con facilidade controlar e debilitar o malestar dos falanxistas radicais, dos militantes monárquicos, dos socialistas, dos guerrilleiros comunistas e dos republicanos no exilio. Só cabe mencionar como explosión de malestar a folga do 30.000 obreiros das industrias biscaíñas en 1947.

2.2. A ETAPA DE APERTURA (ANOS 50).

Os anos 50 son a culminación do fracaso das mediadas autárquicas e da necesidade de aumentar o comercio exterior.

2.2.1. FEITOS CLAVES FAVORECEDORES DA APERTURA

O contexto internacional da Guerra Fría (iniciada en 1947 coa Doutrina Truman antisocialista, agrávase en 1948 co bloqueio de Berlín e 1949 coa Revolución chinesa e chega á tensión máxima en 1950-53 coa Guerra de Corea): favoreceu o recoñecemento político e as axudas económicas a Franco; pois pasou a ser considerado, especialmente polos EEUU, como un aliado interesante do bloque capitalista, no enfrontamento co bloque socialista dirixido pola URSS: O concordato co Vaticano e Os acordos defensivos cos EEUU, do ano 1953, marcan a confirmación da apertura e recoñecemento internacional (España interesaba como aliada anticomunista aínda que tivera un sistema político totalitario rexeitado polos estados democráticos europeos, que continuaron a rexeitar a España como posible membro da CEE).

O concordato co Vaticano (1953), que confirmaba o apoio que Franco recibira das autoridades católicas desde a propia sublevación e Guerra Civil. O clero católico aseguraba a confesionalidade do Estado español, o apoio económico para os seus gastos do clero e para a reconstrución e construción de edificios relixiosos, o control total do ensino e a censura das publicacións e libros. Mentres os bispos comprometíanse a que o clero reforzara a propaganda do Caudillo como salvador da patria e o Papa recoñecía a Franco o dereito a propoñer os bispos que el fose a nomear (dereito de presentación de bispos).

O Concordato fundiu os intereses do Estado cos intereses do clero católico aínda que existían grupos de clérigos no País Vasco e Cataluña que progresivamente foron mostrando o seu desagrado polo Concordato e criticando a falta de respecto ós Dereitos Humanos e a elección dos bispos por motivos políticos.

Os Acordos cos EEUU (1953). Os acordos militares e económicos de España cos EEUU foron a culminación dun proceso longo de reunións e visitas de técnicos e militares, que puxo fin a un desencontro arrastrado desde o século XIX (especialmente guerra colonial de 1898): os acordos definen unha cesión de soberanía sobre certos espazos onde se instalarían bases americanas (base naval de Rota en Cádiz e bases aéreas en Madrid e Zaragoza) como parte do sistema de defensa nunha posible guerra contra a URSS que os EEUU podían utilizar sen necesidade de autorización do goberno español, a cambio de axuda económica e produtos de primeira necesidade para superar o racionamento, desmontar o mercado negro e estabilizar os prezos (esta axuda foi moito menor que a recibida polos países de Europa occidental no Plan Marshall de 1948) pero sobre todo con estes acordos Franco obtiña o recoñecemento internacional do seu réxime sen facer rectificacións, que se confirma en 1955 coa aceptación de España como membro da ONU e coa visita de Eisenhower en 1959.

2.2.2. A APERTURA ECONÓMICA

Desde inicios dos anos 50 certos gobernantes franquistas trataron de revisar o ríxido intervencionismo estatal imposto pola política de autarquía:

No sector comercial: Suprímese o racionamento e decrétese a liberdade de prezos, comercio e circulación de produtos alimentarios.

No sector industrial: A apertura exterior, sobre todo a axuda económica dos EEUU, facilitou a entrada de materias primas e tecnoloxía, que fixeron posible un continuo crecemento da produción industrial.

No sector agrícola: Os cambios foron escasos e ademais a elevación de rendementos viuse contrarrestada polas dificultades para competir no mercado exterior cos países mediterráneos (aceite, cítricos, viño) e pola escaseza de inversións de estilo capitalista no campo.

O ministro de traballo, o falanxista Girón, logrou manter certas medidas de autarquía como os salarios taxados (aínda que a forte demanda de man de obra no sector industrial levouno a admitir horas extras, traballo en festivos e vacacións).

A apertura exterior coincidiu coa elevación do nivel de vida dos traballadores europeos que, aproveitándose das vacacións pagadas, iniciaron o costume masivo de facer turismo nos países do Mediterráneo. De xeito ascendente os turistas europeos elixían España polas súas condicións climáticas e sobre todo, a partir da devaluación da peseta decidida no Plan de Estabilización de 1959, polo sol barato. O desenvolvemento do turismo provocou a entrada masiva de divisas, claves para equilibrar a balanza de pagamento co exterior, e implicou un lento cambio de costumes e desexos de liberdade en España.

Como, a fins dos anos 50, a economía española continuaba asfixiada os dirixentes da banca e as grandes empresas premen a Franco para que prescindira dos políticos falanxistas, partidarios de manter unha semiautarquía, e apostara por ministros preparados en economía e dereito administrativo. Franco, a instancia de Carrero Blanco, acepta escoller como ministros e altos cargos a técnicos ligados ó Opus Dei (tecnócratas de ideas económicas liberal-capitalistas e de ideas políticas conservadoras-traditionalistas) entre os que destacou López Rodó.

Os tecnócratas convencen a Franco da necesidade dun cambio radical nos planeamentos económicos e da necesidade dun Plan de Estabilización, para sanear a economía e intentar o desenvolvemento de España.

O Plan de Estabilización de 1959, aínda que provocará unha curta recesión económica, servirá para facer desaparecer as medidas autárquicas, confirmar a apertura e iniciar un longo período de desenvolvemento. Este plano implicou:

O recorte do excesivo gasto público.

A restrición do crédito.

A conxelación dos salarios.

A limitación das horas extras.

A devaluación ou depreciación da peseta.

A desaparición de controis comerciais e industriais.

A facilidade para instalar filiais de empresas estranxeiras.

A reforma da Facenda Pública e a persecución do fraude fiscal.

Este programa de estabilización fixo posible o desenvolvemento e a concesión de novas axudas ó estado dos EEUU, do Fondo Monetario Internacional e dos bancos, para que o goberno tratase de suavizar os efectos negativos da estabilización:

O paro agrícola, provocado pola falta de reformas e as malas colleitas ..., moitos campesiños optaron polo éxodo rural cara as urbes das rexións industriais (País

Vasco, Cataluña, Madrid, etc) ou cara Europa occidental. A importancia da emigración é clave para o éxito de este sistema xa que senón os niveis de paro acadados probablemente farían retroceder as medidas de estabilización.

As dificultades para moitas empresas de negocios moitos empresarios acosados polas dificultades para lograr créditos optan por despedir traballadores.

A miseria dos obreiros que, ademais de sufrir a conxelación dos seus salarios, vense prexudicados pola limitación das horas extras e os despidos.

As dificultades de ingresos da Facenda Pública xa que a reforma non modificou o sistema de impostos e non permitiu ó estado lograr ingresos suficientes para modernizar as infraestructuras, a educación, a sanidade e as Forzas Armadas.

2.2.3. A OPOSICIÓN DURANTE A FASE DE APERTURA

Durante os anos 50 Franco mantivo a estabilidade interior sen dificultades a pesar da aparición de certos movementos de descontento:

As folgas obreiras: en protesta polas consecuencias das medidas da política autárquica, que non paraban a inflación pero impoñían salarios baixos: Ante as folgas de 1956 no País Vasco, Asturias e Cataluña o goberno franquista optou pola represión e permitir aumentos de salario.

A fundación das comisións Obreiras (CCOO): como alternativa clandestina ó sindicato vertical, que irá logrando afiliar a moitos traballadores baixo a influencia clave dos militantes do Partido comunista. Destaca aquí o papel do sindicalista Marcelino Camacho como un dos fundadores principais. O goberno opta por perseguir este modelo sindical.

As protestas dos universitarios. Nos centros universitarios desátase un enfrontamento entre os partidarios da reforma educativa do ministro de Educación, de orientación católico aperturista, e os estudantes inmovilistas integrados no sindicato Único universitario, controlado polo ministro do Movemento, de orientación falanxista: Franco opta por reprimir as protestas e os enfrontamentos entre os estudantes e cesar ós dous ministros.

O renacer do movemento nacionalista en Cataluña e o País Vasco.: Este renacemento do sentir nacionalista recibe o impulso dos universitarios e está moi relacionado coa defensa da lingua e dos costumes ante a avalancha de emigrantes andaluces, cataláns, extremeños, galegos, etc (*maketos*). Especial importancia terá a fundación en 1959 da organización *Euskadi ta Askatasuna* (ETA), como unha escisión do PNV, de forte implantación entre os mozos e o clero e cun claro matiz antiespañolista e antiemigración.

O movemento independentista marroquí.: Rebrotan as tensións en Marrocos., Francia por sorpresa, en 1956, decide conceder a independencia ós marroquís. Franco terá que facer o mesmo e iníciase desta forma o problema do Sahara: os marroquís reclaman tamén a descolonización deste territorio.

2.3. A ETAPA DE DESENVOLVEMENTO (ANOS 60).

2.3.1. CARACTERÍSTICAS:

Os anos 60, nos que se confirmaría o éxito da apertura, caracterizarase por:

A tranquilidade política. Durante os anos 60 Franco consegue a definitiva lexitimación internacional do seu réxime. (o goberno logra asinar novos pactos cos EEUU, suavizar as tensións con Marrocos, emprender boas relacións cos países árabes e o respaldo da ONU no dereito a reclamarlle a Gran Bretaña a descolonización de Xibraltar) pero nunca logrará ser admitido polos estados

democráticos europeos, que non aceptan a España como membro da CEE (Franco terá que esperar a 1970 para lograr un simple Acordo Preferencial no comercio de produtos industriais).

A estabilidade política interna. Franco e Carrero Blanco acaban por convencerse dos beneficios de desprazar dos postos claves do goberno ós falanxistas e escoller a ministros tecnócratas (expertos en economía e leis), capaces de manter a ditadura política ó mesmo tempo que introducen as liberdades do mercado capitalista.

O impulso dos **Plans de desenvolvemento**. Tras o éxito do Plano de Estabilización de 1959 no saneamento da economía (a costa da caída da renda e desemprego), os ministros tecnócratas con López Rodó á cabeza, desprazan ós Falanxistas, e marcan o obxectivo de elevar a renda *per cápita* dos españois. Para logralo deseñaron tres plans de Desenvolvemento cuadrienais capaces de transformar a España de país subdesenvolvido en desenvolvido. Estes Plans prestaron atención preferente ó crecemento da renda nacional, ó pleno emprego (ter o mínimo de parados), a mellorar o reparto da renda e a progresiva integración nos circuítos da economía mundial: recollían estímulos e beneficios as empresas privadas, indicacións para os investimentos estatais, autorización para crear **polos de desenvolvemento** na periferia de cidades intermedias como Vigo – O Porriño, Valladolid, etc.

A planificación dos tecnócratas tivo éxitos espectaculares na produción industrial das fábricas de automóviles (Seat, Renault, Citroën) ou de electrodomésticos (Fagor, Edesa, etc) e dificultades graves na agricultura.

O auxe das importacións. A implantación masiva de materias primas, bens de equipo ou petróleo necesaria para cubrir as necesidades de desenvolvemento industrial. As importacións foron posibles grazas á masiva entrada de divisas en España: os aforros que mandaban os emigrantes en Europa e os aforros que viñan gastar os turistas a España (moeda estranxeira ou divisas, que pasaban ó Banco de España e este prestaba a empresas importadoras para facer os pagamentos).

O ascenso dos investimentos estranxeiros. Os inversores estranxeiros deciden investir en empresas que producen en España, para aproveitar os beneficios do alto crecemento. Pero sobre todo a grandes multinacionais deciden crear filiais en España para aproveitarse dos beneficios e vantaxes que lles ofrecen os tecnócratas e das posibilidades de explotación que representaba a abundancia de man de obra moi barata.

A concentración industrial. Os Plans de desenvolvemento favorecen ó País Vasco, Cataluña e Madrid e marxinan as posibilidades de desenvolvemento industrial doutras rexións e provincias con maiores necesidades. Esta discriminación provocou unha vaga de emigrantes do campo cara as urbes industrializadas, unindo o mal reparto rexional da riqueza á desigual distribución da poboación.

O caos urbanístico. Os millóns de españois que abandonan as aldeas e vilas cara as urbes e os millóns de turistas (que visitan España), alimentan a febre especulativa de inversores e construtores, que non teñen ningún reparo en corromper con subornos ós gobernantes con tal de lograr o máximo beneficio das necesidades de pisos dos instalados nos suburbios e das demandas de instalacións dos negociantes do turismo: optouse polos beneficios rápidos e a curto prazo a costa da baixa calidade e de esnaquizar a estrutura urbanística das urbes e, especialmente, das vilas da costa mediterránea.

O auxe da banca. Os banqueiros (Banesto, Banco de Biscaia, Banco de Bilbao, etc) aliados cos grandes industriais, foron os grandes beneficiarios do desenvolvemento dos anos 60 e responsables da irracionalidade especulativa.

A mellora da Seguridade social. A reforma da Seguridade Social permitiu a moitos españois acceder á cobertura sanitaria e as pensións de xubilación.

As melloras na alimentación. A alimentación das persoas mellorou ó crecer o consumo de carnes, peixes e produtos lácteos.

O aumento da capacidade de consumo. O incremento da renda das persoas e o aumento da oferta de produtos implica unha maior posibilidade de consumo de produtos básicos, electrodomésticos, automóviles, pisos, cultura, ocio, etc.

A reforma dos plans de Ensino. A necesidade dos sectores económicos de xente cualificada, presionou ó goberno para modificar especialmente a ensinanza básica: Lei Xeral de Educación de 1970.

A evolución cultural. A cultura católica, desprazara á cultura falanxista, e verase desprazada progresivamente polas influencias dos turistas, os emigrantes, polas ansias de praceres evasivos e materiais. A nova **Lei de prensa** do ministro Manuel Fraga, suprimindo a censura previa, abriu esperanzas entre os xornalistas, literatos, cineastas. Pero a censura a posteriori reprimiu ou castigou os intentos de expresarse. Durante esta época terminárase a Lei de responsabilidades políticas e a represión e artellada mediante o **TOP** (Tribunal de orde público).

2.3.2 A OPOSICIÓN DURANTE A FASE DE DESENVOLVEMENTO.

O incremento de nivel de vida provocou entre os españois unha dobre reacción:

Unha actitude conformista: a maioría dos españois séntese satisfeita coa mellora nas condicións de vida e non se plantexa reclamar melloras na educación, cultura ou liberdades políticas.

Unha actitude inconformista: unha minoría de españois considera que, ademais de liberdade económica (liberdade para producir, contratar, comerciar, etc), son imprescindibles as liberdades políticas.

Entre os opositores que reclamaban cambios destacamos:

Os demócratas. Republicanos, monárquicos (do interior de España e do exilio), que criticaban a natureza antidemocrática do réxime franquista: tiveron grande repercusión as críticas a Franco no Congreso do Movemento europeo en Munich (1962). Os demócratas premían para que se lle impuxera a Franco a obriga de democratizar a España, como condición para aceptar a petición de incorporación a CEE: Franco reaccionou acusando ós demócratas de inimigos de España e comunistas e reprimindo ós que regresaran do que os franquistas chamaron o *contubernio* de Munich.

Os comunistas. Dirixidos desde o exilio por Dolores Ibarruri e Santiago Carrillo, trataron de alimentar e canalizar o descontento e as reivindicacións dos obreiros (a través das ilegais CCOO, que van incrementando o seu prestixio, entre os obreiros e entre os empresarios, nas negociacións colectivas e folgas) e dos estudantes (a través de catedráticos de prestixio intelectual e asembleas libres de alumnos, que criticaban a falla de liberdades e a represión policial contra a liberdade de expresión e de manifestación).

Os movementos nacionalistas. Nas zonas periféricas de España creceu un movemento de afirmación rexional ou nacional fronte o hipernacionalismo español imposto por Franco. Destacaron o movemento nacionalista galego, catalán e vasco: especial importancia tivo a decisión de ETA de optar pola loita armada para combater o réxime franquista, a resposta do goberno de represión indiscriminada sobre a poboación vasca e o fracaso do Proceso de Burgos de 1970 (que pretendía dar un escarmiento a ETA condenando a dezaseis etarras á pena de morte e que acabou nunha grande protesta interna e internacional, que obrigou a Franco a

indultalos). A diferenza do que pretendía o Réxime este feito deu mostras da súa devildade, da falta de liberdades e da represión así como deu unha notoriedade internacional ao conflito vasco que antes non tiña.

O clero progresista. A doutrina progresista do Concilio Vaticano II (clausurado en 1965), provocou en certos clérigos españois a necesidade de tomar posición no apoio ós máis desfavorecidos e na crítica ó autoritarismo represor dos gobernantes franquistas... moitos curas, especialmente vascos, foron encarcerados acusados de colaborar cos movementos nacionalistas e cos comunistas na axitación dos obreiros e estudantes contra a orde e a paz. Certos bispos (acusados de roxos) e o propio Papa Pablo VI terminaron por desmarcarse de Franco e pedir perdón ós españois por non ter sabido colaborar na reconciliación entre os españois tras a Guerra Civil. Franco e os franquistas criticaron a deslealdade e ingratidade do clero o que tanto beneficiaran economicamente.

2.4 A ETAPA DE CRISE (ANOS 70).

A finais dos anos 60 e inicios do 70 confírmase a crise do desenvolvemento económico e do propio réxime político.

2.4.1. A CRISE DO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO:

A fins dos anos 60 a economía española acusa un estancamento do crecemento motivado por erros da planificación nos plans de desenvolvemento e a inicios dos 70 empezan a acusarse os primeiros síntomas da **Crise do petróleo de 1973** (provocada a raíz da guerra do Yom Kippur e da reacción da OPEP). Ante a inflación de prezos e o lento ascenso dos salarios desátase unha crecente conflitividade laboral, con numerosas folgas en múltiples lugares do país. Os empresarios mostran un tremendo desconcerto ante os estraños efectos da crise (inflación + paro) e a forza das reivindicacións obreiras. Ante as dificultades económicas os campesiños, obreiros e incluso clases medias abandonaron a súa actitude pasiva e moitos reclamaron dos gobernantes cambios económicos, pero tamén políticos e culturais: o goberno reaccionou con represión.

A situación de crise ía agrandándose ó longo dos anos 70 e as primeiras medidas de contención non se toman ata o primeiro goberno democrático de 1977.

A sociedade española dividíase basicamente en tres grupos atendendo ao posicionamento sobre a continuidade ou a fin do franquismo. Por un lado estaban os **inmobilistas** (chamados máis tarde en termos xornalísticos o *bunker*); os **reformistas** que pretendían a transformación gradual das institucións franquistas nunhas democráticas pero dirixida basicamente por estas propias institucións; e por último os **rupturistas** que pretendían a fin da ditadura e o inicio dun proceso democrático *ex novo* xulgando a etapa anterior e por suposto prescindindo de toda posible liña de continuísmo, tanto institucional coma política.

Unha das claves para comprender a caída do franquismo é precisamente entender o impacto da **Crise do petróleo** nesta estrutura social. O mundo financeiro e industrial consideraban de vital importancia ingresar nos circuitos económicos internacionais da CEE, porta sistematicamente pechada debido ao carácter ditatorial do franquismo. Polo tanto, un dos piares que sostiveron ao franquismo comeza a ver na ditadura un lastre, apostando polo tanto en pasar do continuísmo á vía reformista. Esta é unha das causas internas máis importantes para entender a non continuidade da ditadura trala morte de Franco.

2.4.2 A CRISE DO RÉXIME POLÍTICO.

A fins dos anos 60 o deterioro físico de Franco (cerca de 80 anos e enfermidade de Párkinson), as manifestacións dos estudantes universitarios (contaxiados polo Maio do 68 francés), as folgas obreiras e a actividade terrorista de ETA afectaron á estabilidade política do réxime franquista. Franco intentou estabilizar a situación recorrendo a:

- a) Declarar Estados de Excepción de xeito reiterado (suspender as poucas liberdades que existían e incrementar a represión), sobre todo no País Vasco.
- b) Nomear a Juan Carlos de Borbón como sucesor e continuador na Xefatura do estado: Os políticos do Opus Dei lograban así impoñer ós falanxistas a opción monárquica. Os falanxistas non se atreveron a criticar a Franco, pero denunciaron a corrupción dos gobernantes tecnócratas do Opus Dei no asunto Matesa (Ministros do Opus Dei tiñan beneficiado con numerosos créditos e subvencións a unha empresa téxtil por actividades inexistentes). Franco rexeitou as críticas falanxistas optando por nomear máis ministros tecnócratas.
- c) Confiar en Carrero Blanco como o home capaz de asegurar a fidelidade de Juan Carlos ós principios do Movemento, de manter unidos a militares, tradicionalistas, católicos conservadores do Opus Dei e falanxistas nun espírito de continuísmo sen cambios e de impedir o crecemento da oposición democrática. En 1973, Franco cede a Carrero Blanco a Xefatura do goberno; Carrero Blanco actúa obsesionado polos rumores de desviacións liberais de Juan Carlos e polo fantasma dunha conspiración liberal-comunista-masónica e separatista que ameazaba a “paz” de España. Carrero Blanco freou a tímida apertura política e incrementou a represión; pero a súa función de presidente do goberno foi curta pois en decembro de 1973 morrerá a consecuencia dun atentado de ETA contra o seu coche na chamada Operación ogro. A morte de Carrero Blanco desorientou a Franco e ós franquistas e agravou moitísimo a inestabilidade política. O novo presidente do goberno, Arias Navarro, ó longo dos anos 1974-75, mostrouse contraditorio: posto que inicialmente ofertou ós españois unha reforma gradual do réxime franquista (permitindo a creación de certas asociacións políticas e favorecendo a liberdade de prensa): ***o espírito aperturista do 12 de febreiro***, pero pronto, ante as fortes críticas dos inmovilistas e dos demócratas e o aumento dos atentados de ETA, decidiu anular todas as promesas de cambio e refuxiarse nas medidas represivas.

O fracaso de Arias Navarro e a propia descomposición do réxime franquista estiveron relacionados:

- Coa existencia de rivalidades entre as familias políticas. Arias Navarro decidira prescindir de case todos os militares e de todos os tecnócratas do Opus Dei á hora de escoller ministros.
- Co impacto da crise económica de 1973 que empeza a debilitar os éxitos do desenvolvemento e a xerar crecente descontento entre a poboación.
- Coa influencia da revolución portuguesa do 25 de abril de 1974. O exemplo dos militares portugueses derrocando unha ditadura e implantando unha democracia xeraba esperanzas entre certos militares españois (os oficias de Unión Militar Democrática foron moi perseguidos).
- Coa tendencia á unificación dos grupos políticos da oposición democrática... o partido comunista logrou agrupar a moitos sectores políticos ó crear a Xunta Democrática en 1974 e o PSOE fixo o mesmo con outros sectores ó lograr a creación da Plataforma de Convergencia Democrática en 1975 (Arias Navarro respondeu endurecendo a represión contra os demócratas).
- Coa debilidade exterior ante Marrocos: Hasán II organiza unha marcha de varios centos de milleiros de marroquís para invadir pacificamente o Sahara español (Arias

Navarro cede ante a presión da Marcha verde e abandona ós saharauís, aceptando o reparto do seu territorio entre Marrocos e Mauritania).

- Coa confrontación crecente cos membros progresistas do clero. Especialmente graves foron o enfrontamento co bispo de Bilbao, monseñor García Añoveros, que reclamaba nunha homilía respecto para a lingua e a identidade vasca (Arias Navarro ameazou ó bispo coa expulsión de España e o bispo con excomungar ós membros do goberno) e as discrepancias co cardeal de Madrid, monseñor Tarancón (Arias Navarro criticou a falta de lealdade e Tarancón respondeu esixindo liberdades).
- Co incremento dos atentados terroristas ... pois tanto ETA como o FRAP (Frente Revolucionaria Antifascista e Patriota) e os grupos fascistas (guerrilleiros de Cristo Rei, Triple A, etc) lanzaron unha campaña de atentados continuos. Arias Navarro optou por tolerar os atentados fascistas e por reprimir con dureza os atentados de ETA e do FRAP: a execución de cinco membros destes dous grupos, en setembro de 1975, provocou unha grande protesta internacional contra a pena de morte e derivou nun grave illamento político do réxime franquista similar ó de 1945.

A morte de Franco, 20 de novembro de 1975, abriu un período de grande incerteza coñecido como: A transición

2.5 A TRANSICIÓN:

O proceso de transición desde a ditadura de franco ata a consolidación dun sistema democrático, estivo marcado por unha grave tensión en torno ó dilema: continuar coa ditadura sen cambios (**continuismo**), realizar unha transformación gradual da ditadura cara á democracia (**reforma**) ou provocar un cambio revolucionario capaz de acabar coa ditadura franquista e instaurar un sistema democrático (**ruptura**).

Na resolución deste dilema resultaron claves: a toma de postura inicial do rei Juan Carlos que fixo un proceso de coroación ambiguo, mesturando referencias á fidelidade ós principios do movemento para tranquilizar ós continuistas e con referencias á reconciliación, tolerancia, liberdade e recoñecemento das diferenzas rexionais, para calmar aos reformistas e nacionalistas e acabou asumindo un indulto parcial de presos políticos sen delitos de sangue, tratando de calmar ós partidarios da ruptura; a aposta por Adolfo Suárez como presidente do goberno, aproveitándose das dificultades de Arias Navarro para frear os conflitos, polo que acepta a súa dimisión, pois estorbáballe un falanxista de idade avanzada como o presidente e prefería apostar por un falanxista dinámico e audaz da súa mesma idade, capaz de negociar con todos os grupos políticos e dirixir a transición; o presidente acelerou con audacia os cambios, ofertando o reformismo, decretando unha amnistía de presos políticos, proponendo unha **Lei para a Reforma Política** e ofertando unhas eleccións xerais libres a cortes constituíntes para xuño de 1977; e a actitude dos grupos partidarios da ruptura, que inicialmente desconfían da postura de Juan Carlos e Adolfo Suárez e optan por mobilizar á poboación (convocando manifestacións e folgas que reclaman amnistía xeral para os presos políticos, legalización de todos os partidos e sindicatos, estatutos de autonomía para as nacionalidades e inmediata convocatoria de eleccións libres), para lograr máis forza deciden fusionar a Xunta Democrática coa Plataforma de Convergencia Democrática creando unha alianza de liberais, demócratas, socialistas e comunistas co nome de Coordinación Democrática, pero ante os éxitos de Suárez, os rupturistas acabarán admitindo a vía reformista.

A clave do proceso de transición resultou ser a sorprendente capacidade negociadora e a intuición política de Adolfo Suárez reflectida no atrevemento para manter contactos secretos con Felipe González (PSOE) e con Santiago Carrillo (PCE) como líderes de

Coordinación Democrática, á procura de lograr un pacto de apoio ó rei Juan Carlos I e á súa proposta de Reforma Política, a cambio de comprometerse a legalizar todos os partidos políticos e asegurar unhas eleccións realmente libres; no acerto da elección do xeneral Gutiérrez Mellado como Ministro de Defensa, encargado de controlar o malestar dos militares coa actitude do rei Juan Carlos I e coa pretensión reformista de Adolfo Suárez; na audacia para presentar o proxecto de Lei para a Reforma Política a aprobación dos procuradores das cortes franquistas, posto que regulaba a convocatoria dunhas eleccións libres democráticas.

A aprobación por unha grande maioría dos procuradores (18/11/76) significou a disolución destas cortes e a autorización legal dos representantes do franquismo a apertura democrática e para sometela a aprobación en referendo da Lei para a Reforma Política (15/12/76), por unha inmensa maioría dos españois, significou o fracaso total dos continuístas (só 2,6% de votos en contra) e un grande fracaso dos partidarios da ruptura (pedían a abstención de voto e votaron o 77% dos españois); na firmeza para lograr convencer definitivamente ós partidarios da ruptura de que a transición pasaba polo apoio á monarquía e á vía reformista. Negociou con Felipe González e Santiago Carrillo a amnistía e legalización de partidos para antes das eleccións, a pesar das vagas de atentados e secuestros, atreveuse a facer desaparecer o Movemento Nacional e recoñecer a liberdade sindical e impuxo por decreto e por sorpresa a legalización do Partido Comunista de España, incluso chegou a conceder unha nova amnistía, especialmente para presos relacionados con ETA, para atraer ós propios nacionalistas vascos; na fortaleza para aguantar o impacto negativo dos atentados, tanto dos grupos fascistas (ataques a librarías, bombas contra as sedes de xornais e matanza de avogados laboristas na rúa Atocha de Madrid), como de ETA (atentaban contra policía, gardas civís e militares) ou do GRAPO (secuestraban a cargos políticos e xefes militares e mataban policía). Todos estes actos terroristas tiñan como obxectivo facer fracasar a reforma, provocando ós militares para que deran un golpe de estado, pero Adolfo Suárez optará incluso por decretar un estado de excepción (suspensión de liberdades, para tranquilizar ós militares), sen paralizar o proceso de reforma; e a capacidade para organizar unha coalición electoral integrando na Unión de Centro Democrático (UCD), a múltiples personalidades e grupos políticos de orientación reformista ou centrista.

As eleccións democráticas do 15 de xuño de 1977 foron as primeiras eleccións desde 1936 e as primeiras a cortes constituíntes desde 1931, marcaron o éxito da vía reformista e definiron un novo panorama político en España de bipartidismo imperfecto, a raíz da Lei D'Hont, segundo a cal segundo o número de poboación se asigna un número determinado de deputados, xeralmente potenciándose as zonas rurais (condición dos continuístas e dos reformistas imposta aos rupturistas para poder seguir conservando a maior parte do poder institucional): os centristas da UCD, con Adolfo Suárez lograban case unha maioría absoluta (165 deputados); os socialistas do PSOE con Felipe González alcanzaban un grande éxito (118 deputados); os comunistas do PCE con Santiago Carrillo quedaban desorientados polos baixos resultados (20 deputados); os franquistas de Alianza Popular, con Manuel Fraga, sofren unha severa derrota (16 deputados); e os nacionalistas vascos do PNV, con Arzallus e os nacionalistas cataláns; con Jordi Pujol lograron bos resultados.

Tras estas eleccións, España pasaba a ser gobernada polos políticos centristas da UCD, que formarían goberno co presidente Adolfo Suárez.

En 1978 apróbase a vixente Constitución española, en cuxa elaboración participaron Gregorio Peces-Barba (PSOE), Jordi Solé Tura (PCE), Manuel Fraga (Alianza Popular) e Adolfo Suárez, considerados os pais da Constitución. É unha constitución de consenso, que pretendía contentar a todas as forzas políticas e que foi aprobada polo

Congreso e en referéndum.

En Galicia, a crise do petróleo ten un profundo impacto en Vigo, ocasionando numerosas folgas e as GRAPO (Grupos de Resistencia Antifascista Primeiro de Outubro) forman parte da oposición externa ao réxime. No 1981 apróbase o Estatuto de Autonomía galego.

Finalmente, podemos afirmar que o réxime franquista caeu por varias causas, como as **endóxenas** (trasvase dos inmovilistas aos reformistas) e **esóxenas** (rupturistas) e a crise do petróleo entre outras, producíndose en España a transición democrática, que cristalizará coa entrada de España, á vez que Portugal na CEE no 86. Ademais, no 1982 terá lugar o mundial de fútbol en España e posteriormente os Xogos Olímpicos, ámbolos dous símbolos do desenvolvemento económico dun país e da plena integración no ámbito internacional.

BIBLIOGRAFÍA:

CASANOVA, J. (2001), *La Iglesia de Franco*, Barcelona, Crítica.

JULIÁ, S. (2005), *El franquismo*, Barcelona, Crítica.

PAYNE, S. (2005), *El régimen de Franco (1936-1975)*, Madrid, Alianza.

PRESTON, P. (1978), *España en crisis. Evolución y decadencia del régimen de Franco*, Madrid, Fondo de cultura económica de España.

- (2004), *La política de la venganza: fascismo y militarismo en la España del siglo XX*, Barcelona, Quinteto.

- (2007), *Franco*, Barcelona, Debolsillo.

TUSELL, J. (2004), *Dictadura franquista y democracia, 1929-2004*, Barcelona, Crítica.